



**1**

**Maio 2017**

# **NON HAI ESCUSAS**

**EMPREGO ESTABLE  
SALARIOS XUSTOS  
PENSIÓN DIGNAS  
MÁIS PROTECCIÓN SOCIAL**

**#árúa  
#alacalle**



**comisións obreiras**



**Galicia**



## NON HAI PROGRESO SEN TRABALLO DIGNO

Boa parte da vida das persoas se mide en horas de traballo. Un esforzo e unha dedicación que se compensan mediante retribucións, cun obxectivo esencial: poder vivir dignamente e desenvolver un proxecto vital. Sen a forza do traballo de todas as traballadoras e traballadores non se xera riqueza nin hai progreso.

Desde 2008, moitos dos dereitos da clase traballadora foron eliminados. Primeiro, polo efecto directo dunha intensa crise inducida por un capitalismo sen control e pola avaricia dun sector financeiro afastado dos intereses das persoas e da economía produtiva. E despois, por unhas políticas, mal chamadas de austeridade, que acrecentaron a precariedade laboral, reduciron salarios e prestacións sociais e recortaron dereitos e liberdades. Unhas políticas que, en suma, empobreceron a maioría social, que somos os traballadores e as traballadoras, e aumentaron as desigualdades de maneira drástica.

A economía española leva tres anos medrando; as estatísticas de emprego melloran; lentamente, redúcese o paro; xa non hai ameaza de ruptura do euro e as empresas recuperaron xa os niveis de beneficio anteriores á crise. Estamos saíndo da crise, repítennos.

NON é verdade. Eses datos non se reflicten nunha mellora da calidade de vida da clase traballadora. Crece a economía, crecen os beneficios empresariais, pero as patronais seguen resistíndose a que os salarios teñan unha suba digna nos próximos anos.

- En Galicia seguimos tendo 161.000 persoas ocupadas menos que en 2008.
- A taxa de paro galega é do 17,2 %, nove puntos máis que en 2008, e a segunda máis alta da UE.
- Catro de cada dez desempregados/as levan máis de dous anos en paro.
- Axuventude marcha na procura dun futuro mellor.
- O emprego é cada vez máis precario, e proliferan as formas de explotación laboral, como as empresas multiservizo, que compiten vulnerando os dereitos dos traballadores e traballadoras mentres moi poucas voces da empresa o critican.
- Os salarios non aumentan, pero os prezos soben.
- As galegas seguen discriminadas no traballo, e o seu soldo é un 22 % inferior ao dos homes.
- As prestacións por desemprego só cobren a metade das persoas desempregadas.
- As contías das pensións son, literalmente, miserentas.

Todo isto ten unha consecuencia dramática: as desigualdades, a pobreza e a exclusión social aumentaron sensiblemente e chegan a case o 26 % da poboación. Non o dicimos só os sindicatos, dino tamén

o Fondo Monetario Internacional, a Comisión Europea e a OCDE.

A maioría da poboación, a clase traballadora, segue sumida nunha profunda crise económica, de emprego e de expectativas. Mentres, o Estado gasta decenas de miles de millóns de euros en rescatar bancos ou empresas de autoestradas. Isto NON pode ser.

Véndennos unha situación de bonanza e estabilidade que as familias non perciben. **Esta situación NON é sostible e NON é xusta.** É o caldo de cultivo para o crecemento de formacións políticas e movementos retrógrados e extremistas en todo o mundo desenvolvido. Debemos cambiar este estado de cousas. **NO HAI ESCUSAS.**

## OS TRABALLADORES E AS TRABALLADORAS DEBEN BENEFICIARSE DO CRECEMENTO ECONÓMICO: MÁIS E MELLOR EMPREGO

O crecemento económico debe chegar a todos e a todas. Para iso, cómpre crear emprego estable e de calidade, mellorar os salarios e reforzar as redes de protección social. E para logralo necesitamos novas políticas e novos consensos.

Hoxe, 1 de Maio, CCOO e UGT pedímoslles ao Goberno de España, aos Gobernos das comunidades autónomas e ás formacións políticas con representación parlamentaria que apoiem e impulsen as reformas e cambios necesarios para facer posible que o aumento de produción e de riqueza beneficie a toda a sociedade, e dentro dela, a clase traballadora, que foi especialmente castigada na última década.

- ✓ É necesario **derrogar as últimas reformas laborais**, que instauraron a precariedade como norma de contratación. A prioridade debe ser crear emprego indefinido, estable e con dereitos. A competitividade das empresas non pode antepoñerse ao respecto dos dereitos fundamentais dos traballadores, como a non discriminación ou a seguridade e saúde laboral.
- ✓ É preciso **poñer en marcha un plan de choque polo emprego** para lles dar oportunidades a aqueles con máis dificultades para conseguir un posto de traballo, e en especial aos parados e paradas de longa duración e de maior idade. E tamén hai que facer que a Garantía de Emprego Xuvenil funcione, para evitar a fuga de talento e o desperdicio de recursos que supón ter a toda unha xeración de traballadores e traballadoras mozos en paro ou con empregos precarios. Hai que lle devolver a esperanza e as expectativas de progreso á xuventude, porque é o futuro.
- ✓ É imprescindible **restituír o equilibrio de forzas na negociación colectiva**, para que sindicatos e empresarios poidamos negociar en igualdade de condicións o contido dos convenios, destruído pola reforma laboral de 2012. Hai que reforzar os convenios sectoriais e garantir a ultraactividade dos convenios. Porque sen unha negociación colectiva máis equilibrada non é posible que melloren o emprego, os salarios nin as condicións de vida da poboación asalariada.

- ✓ Pedimos tamén **recuperar o Estatuto básico do empregado público** e o dereito efectivo á negociación colectiva no sector público, cuxos traballadores e traballadoras sufriron con especial rigor os axustes dos últimos anos. Sen emprego público de calidade non haberá servizos públicos de calidade.
- ✓ Hai que **reformar o sistema de prestacións por desemprego**: debe chegar a todas as persoas sen emprego e ofrecer unhas garantías dignas. De forma prioritaria aos traballadores maiores, expulsados sen moitas ocasións do mercado de traballo sen posibilidade de alcanzar unha pensión digna.
- ✓ Esiximos un **salario mínimo interprofesional** suficiente, estable e perdurable. Hai que alcanzar un SMI de 1000 euros ao final desta lexislatura, e garantir que será sempre, como mínimo, equivalente ao 60 % do salario medio do país, como di a Carta Social Europea.
- ✓ Esiximos unha **lei de igualdade salarial** entre homes e mulleres que peche de vez a brecha salarial.
- ✓ É urxente **derrogar a reforma das pensións de 2013**, que está empobrecendo os nosos maiores, e fixar mecanismos para garantir que non perderán poder de compra.
- ✓ Necesitamos unha **reforma fiscal integral, que consiga máis ingresos e reparta mellor os esforzos**, facendo que paguen máis os que máis teñen. Reclamamos maior eficacia na loita contra a fraude fiscal e a erradicación dos paraísos fiscais, que son unha vergonza consentida polos países desenvolvidos que está quitando miles de millóns de euros ás políticas de solidariedade e protección social.
- ✓ Esiximos a **posta en marcha inmediata dunha prestación de ingresos mínimos** como a proposta por UGT e CCOO e que xa aprobou o Parlamento, para sacar da miseria as 630.000 familias que non posúen recursos.
- ✓ Reclamamos a recuperación progresiva do **gasto en sanidade, educación, protección social e axuda á dependencia**, estendendo a súa cobertura e mellorando a calidade dos seus servizos.
- ✓ Cómpre poñer en marcha un **plan estratéxico para a industria**, que impulse un cambio de modelo produtivo no noso país para xerar máis riqueza e con emprego máis produtivo e de maior calidade.
- ✓ No mesmo sentido, reclamamos unha mellor política no eido da ciencia e unhas condicións de traballo dignas para a comunidade investigadora, como esixiron miles de persoas na Marcha pola Ciencia do pasado 22 de abril.
- ✓ Todo isto no marco dun país necesitado dunha forte rexeneración democrática e cultural, que deixe atrás de vez a confesionalidade do Estado e que combata radicalmente a corrupción.

Todo isto é posible facelo xa. **NON HAI ESCUSAS.**

Porén, os Presupostos Xerais do Estado para 2017 non van nesta liña, senón que teiman nas receitas fracasadas do pasado. Tampouco nas mesas do diálogo social, o Goberno e as organizacións empresariais dan sinais claros de cambio. A maioría social reclama máis e mellor emprego, máis protección social e mellores servizos públicos, pero as políticas actuais seguen impondo axustes, desequilibrios e carencias.

Por iso, as organizacións sindicais CCOO e UGT iniciamos no mes de febreiro un proceso de mobilizacións que foi en aumento desde entón, para reclamar que a voz dos traballadores e as traballadoras sexa escoitada e as súas peticións, atendidas.

Imos negociar para mellorar as condicións laborais da poboación asalariada e a calidade de vida de toda a cidadanía, como sempre fixemos. Pero tamén imos intensificar as mobilizacións en defensa das nosas reivindicacións.

**A etapa dos recortes e da precariedade laboral ten que rematar XA. Temos que cambiala, negociando e facendo presión nas empresas e na rúa. NON HAI ESCUSAS.**

E tampouco non hai escusa para criminalizar un dereito irrenunciable como é o dereito á folga. Non se pode manter o actual artigo 315.3 do Código penal nin a *lei mordaza*.

UGT e CCOO manifestan o seu total apoio aos compañeiros e compañeras sindicalistas incursos en procesos penais ou administrativos derivados da súa actuación en defensa dos dereitos dos traballadores e as traballadoras.

**SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL. CAMBIAR EUROPA PARA REFORZAR EUROPA: AS PERSOAS, PRIMERO**

O movemento sindical reafirma o seu carácter internacionalista e expresa a súa solidariedade coas traballadoras e traballadores de todo o mundo, de xeito singular cos pobos que viven conflitos armados e guerras ou que están sometidos a réximes ditatoriais e autoritarios.

Tamén imos traballar e presionar para cambiar Europa, da que somos e queremos seguir sendo parte. Apostamos por unha Europa unida e forte. Pero a deriva que está tomando desde hai uns anos é moi perigosa para a súa propia supervivencia como proxecto político de progreso e para as persoas que a habitamos. Están crescendo a xenofobia e o conservadorismo, e minguan a solidariedade, a cohesión e a fraternidade. A falta de coraxe, cando non a desidia e o desprezo, aos centenaes de miles de persoas refuxiadas que foxen da guerra, a represión ou a fame para buscar un sitio nos países da UE, é boa proba do que denunciámos.

As traballadoras e os traballadores **queremos seguir construíndo a Unión Europea**, porque é unha grande alianza estratéxica cun tremendo potencial social e democrático. Pero NON queremos esta Unión Europea pechada, temerosa e covarde, que coarta as súas posibilidades e xera desigualdades e enfrontamentos.

UGT e CCOO, xunto coa Confederación Europea de Sindicatos (CES), reclamamos:

- Unha Unión Europea próspera, capaz de impulsar un crecemento económico sostible e integrador, que abandone definitivamente as fracasadas e inxustas políticas de axuste, e que poña en marcha un ambicioso plan de investimentos para xerar máis cohesión entre os territorios e emprego de calidade.
- Unha Unión Europea eficiente, que aplique unha política económica rigorosa, que teña a creación de emprego decente no centro das súas prioridades, que abandone dogmatismos reducionistas e que loite contra a fraude fiscal de maneira coordinada e xusta, eliminando os paraísos fiscais no seu seo como primeira e urxente medida.
- Unha Unión Europea solidaria, que reforce os seus sistemas de protección social, creando un seguro de desemprego común.

- Unha Unión Europea progresista, que combata e rexeite con determinación os comportamentos retrógrados dalgúns gobernos e forzas políticas do seu espazo, que non teñen cabida nunha democracia avanzada.
- Unha Unión Europea que denuncie con valentía as políticas represivas, integristas e autoritarias de países veciños como Turquía, empeñados en afastarse da Europa aberta, plural, democrática e social que defendemos.
- E, sobre todo, unha Unión Europea fraterna, que respecte e defenda os dereitos fundamentais dos migrantes e se comprometa, con políticas comúns eficaces, co dereito de asilo.

Os gobernos de Europa non poden adiar máis tempo estes cambios na construción da Unión.

**NON HAI ESCUSA.**

**Este cambio de políticas debe comezar sen demora. Sen el, a crise nunca terminará para a maioría social, para a clase traballadora. É unha esixencia social, económica e democrática.**



**Traballadoras e traballadores, polos nosos dereitos**

**#árúa #alacalle**

